



REGISTRO XERAL da Xunta de Galicia - P2
CONSELLERÍA DE PRESUPUESTO, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA
03 XUÑ. 2011
NÚMERO
22670 SAÍDA

COLEXIO DE VETERINARIOS DE LUGO

Ramón y Cajal, 2
27001 LUGO

Asunto: solicitud de colaboración dos veterinarios que traballen con équidos na Comunidade Autónoma de Galicia. Plan de Vixilancia de West Nile Virus (WNV) ou Febre do Nilo Occidental

O Servizo de Sanidade Animal da Consellería do Medio Rural está poñendo en marcha en Galicia o Plan de Vixilancia de West Nile Virus (WNV) ou Febre do Nilo Occidental. Este virus, transmitido por mosquitos (normalmente do xénero *Culex*), é o causante dunha zoonose emerxente. A epidemioloxía da enfermidade está fundamentada no ciclo de transmisión mosquito-ave silvestre (reservorio)-mosquito. Os humanos e os équidos, entre outros mamíferos, poden ser hóspedes finais e fondo de saco do virus.

O contaxio de équidos ou humanos só é posible a través da picadura dun mosquito que previamente picou a un ave silvestre infectada. Por tanto, o contacto con équidos infectados non constitúe un risco de contaxio da enfermidade aos humanos.

A enfermidade causada por WNV forma parte da Lista de enfermidades obxecto de **notificación obligatoria** á OIE e á UE, conforme co Real decreto 617/2007, do 16 de maio, polo que se establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obligatoria. A ficha da OIE relativa á enfermidade encóntrase no seguinte enderezo web:

http://www.oie.int/esp/normes/MCode/es_chapitre_1.8.16.pdf

A pesar dos controis sanitarios realizados nas fronteiras da Unión Europea (UE), non se pode descartar a aparición desta enfermidade en Galicia, xa que os mosquitos poden ser trasladados a grandes distancias en determinadas condicións ambientais e, por outra banda, as aves migratorias poden xogar un importante papel na diseminación da enfermidade. Na derradeira década xurdiron brotes da enfermidade en equinos e en humanos ao longo de toda a Conca Mediterránea, Hungría e Romanía. En España detectáronse prevalencias altas de anticorpos en aves silvestres, e en outono de 2010 declarouse a enfermidade en cabalos e en persoas, na provincia de Cádiz.



Unha parte esencial do Plan de Vixilancia de WNV **consiste na vixilancia pasiva en équidos, aos efectos de detectar precozmente posibles casos clínicos** sospitosos de ser compatibles coa presenza da WNV en Galicia.

Aos efectos, considerarase sospitoso calquera equino que mostre (sen outra causa aparente) algún ou varios dos seguintes síntomas nerviosos, acompañados ou non de febre:

- Cambios de conduta.
- Hiperestesia.
- Contracturas musculares.
- Caídas, marcha confusa, tropezóns ou movementos circulares.
- Convulsións.
- Visión diminuída.
- Debilidade, parálise e incapacidade para permanecer de pé.
- Rinchar de dentes.

O maior risco de contraer a enfermidade o presentan os cabalos que habitan nas proximidades de humedais ou aqueles que viaxaron nas anteriores catro semanas a zonas de risco (as zonas de risco están citadas na ficha de toma de mostras)

No marco do Plan de Vixilancia de WNV, resulta fundamental que no caso de que calquera veterinario clínico detectara a sintomatoloxía mencionada nalgún equino da Comunidade Autónoma Galega, comunicara este extremo aos Servizos Veterinarios Oficiais da Oficina Agraria Comarcal correspondente á localización do équido sospitoso.

Neste sentido solicitamos a colaboración dese Colexio Oficial de Veterinarios para dar a máxima difusión a esta información entre todos os veterinarios clínicos, e en especial entre aqueles autorizados pola Consellería do Medio Rural para a identificación de animais destas especies.

Xúntase o modelo de ficha incluído no Programa de Vixilancia de WNV, para que poda ser reportado polo veterinario que informe dun caso sospitoso.

Agradecemos a súa colaboración, reciban un saúdo.

Santiago de Compostela, 03 de xuño de 2011.

O xefe do Servizo de Sanidade Animal

Jorge Enrique Mourelo Estella